



## BANDO

**ASUNTO:** BANDO RECORDATORIO AS OBRIGAS DE XESTION DE BIOMASA

Ponse en coñecemento da veciñanza e das persoas responsables que segundo dispón a normativa sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Lei 3/2007, do 9 de abril) dispoñen ata o 31 de maio 2026 para o cumprimento voluntario da súa obriga, co fin de xestionar a biomasa nas parcelas afectadas polas redes secundarias de faixas nas seguintes condicións:

Nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, arredor de edificacións, vivendas illadas, urbanizacións depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalación industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

Con carácter xeral, ademais, na franxa anteriormente citada de 50 metros non poderá subsistir especies tales como: eucalipto, pino, acacia, mimosa, toxo ou fleitas, entre outras de análogas características.

De acordo coa normativa vixente, as sancións establecidas nesta materia alcanzan entre os 1.000 euros e 1.000.000 de euros, en función da gravidade da falta cometida, engadirase a esta contía, ademais, os gastos que podan ocasionarse no caso de que a xestión da biomasa se realice por parte da Administración competente.

Por ende, e según o exposto, o Concello de Aranga, roga a súa veciñanza prestar colaboración nesta materia, co mero obxectivo de preservar o noso ecosistema e protexer o medio natural do termo municipal.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

En Concello de Aranga, venres 15 de maio de 2026

O Alcalde/Presidente  
Alberto Platas Álvarez